



Os galegos nacen onde queren

Kalee Rose Prendergast¹

Ai coidado, californiana,
se vas de foliada,
que logo por esta terra
ficarás pra sempre ligada

Reflexionando sobre os cinco anos que vivín en Galicia, lembro numerosas ocasións nas que amigos, colegas, xefes, profesores de música, estudantes, coñecidos e incluso descoñecidos galegos bromeaban que eu era máis galega ca outros galegos. Tendo en conta que nacín en California, como chegaron a esta conclusión? Que significaba ser galego? Onde estaba o contexto no que se expresaba isto? Normalmente, un comentario coma este xurdía entre situacións nas que eu estaba tocando, cantando ou bailando a música tradicional galega; ou nunha conversa diaria na que adoitaba falar galego. Noutras palabras, as nocións de identidade galega reflectíronse na música e na lingua; e, polo tanto, a miña propia identidade como galega fora construída a partir da miña constante dedicación ás prácticas musicais tradicionais galegas e á lingua galega. Cando fun testemuña dunha afirmación destes estimados compoñentes dunha identidade galega, parecía plausible suxerir que estes dous marcadores de identidade poderían, polo tanto, influír entre si, e que os ambientes sociais construídos dentro dunha foliada eran espazos potenciais para que a lingua galega

¹ Kalee R. Prendergast é graduada en Lingua e Literatura Española pola California State University e ten un mestrado en Etnomusicología pola U. Nova de Lisboa.